



A I Cátedra Internacional José Saramago da Universidade de Vigo, oferta un

CONTRATO DE APOIO Á INVESTIGACION

Condições

- Duración: catro meses, 15/03/2018-15/07/2018.
- Contrato a tempo parcial de 15 horas semanais cunha retribución bruta de 500,00 €/mes.
- Tipo de traballo: tarefas de xestión (mantemento da páxina de internet da CJS e das páxinas de redes sociais asociadas, colaboración nas actividades da CJS, etc.) e investigación (revisión e mellora da base de datos “Bibliografía passiva – José Saramago”, outros traballos relacionados).
- Lugar de traballo: Cátedra Internacional José Saramago, Facultade de Filoloxía e Tradución, Campus de Vigo.

Requisitos académicos e competencias requeridas

- Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Linguas Estranxeiras ou Tradución e Interpretación (ou outra titulación afín).
- Coñecementos de lingua portuguesa (mínimo B1, preferibelmente B2 ou máis).
- Coñecementos básicos de cultura e literatura lusófonas.
- Coñecementos de lingua galega (mínimo nivel CELGA 4 ou comparábel).
- Coñecementos das principais ferramentas de documentación bibliográfica.
- Coñecementos de mantemento de páxinas de internet e de redes sociais.
- Desexo de investigar sobre a obra de José Saramago.

Documentación necesaria: *curriculum vitae* actualizado incluíndo

- Tipo de titulación.
- Expediente académico.
- Coñecementos de lingua portuguesa.
- Coñecementos de cultura e literatura lusófonas.
- Coñecementos de lingua galega.
- Coñecementos de documentación bibliográfica, mantemento web/redes sociais, proxectos dixitais, etc.
- Historial laboral (se for o caso).
- Outros méritos.

As e os aspirantes deberán enviar até o **26 de febreiro de 2018** un correo-e co seu CV a: **catedrasaramago@uvigo.es**.

Finalizado o período de presentación das solicitudes, elaborárase unha lista provisional de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo para subsanar erros e enviar a documentación correspondente até o **27 de febreiro de 2018**. Transcorrido o período de subsanación, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocarase as e os admitidos para una entrevista (de ser necesario) a finais de febreiro.

A Comisión de Selección, formada por membros do Comité Executivo da CJS, valorará os méritos presentados polas persoas aspirantes e avaliará as candidaturas presentadas a partir dos seguintes criterios:

- Titulación, expediente e coñecementos de lingua portuguesa e de cultura e literatura lusófonas (50%).
- Experiencia e/ou coñecementos en mantemento de webs, redes sociais e proxectos dixitais (30%).
- Entrevista persoal (20%).

Completado o proceso de selección notificaranse os resultados por correo-e.

En caso de que a avaliación no sexa satisfactoria a Comisión poderá declarar deserta a praza.

Vigo, 19 de febreiro de 2018



I Cátedra Internacional
José Saramago
Universidade de Vigo

Asdo. Burghard Baltrusch
(IP Cátedra Internacional José Saramago)

